



009962 17.10.2012 11:23

**INSTRUCCIÓN XVII/2012 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), RELATIVA Á APLICACIÓN DA PRESTACIÓN ECONÓMICA NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL ESTABLECIDA POLO REAL DECRETO LEI 20/2012 DO 13 DE XULLO**

O artigo 9 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE do día 14), establece e limita o complemento retributivo que as administración públicas poden aplicar ao persoal funcionario e ao persoal laboral que delas dependen, e a súa disposición transitoria decimoquinta recolle que surtirá efectos a partir do día 15 do mes de outubro de 2012.

Co obxecto de determinar os marxes dos complementos retributivos, que o Real decreto lei permite á administración en concepto de mellora voluntaria da acción protectora da Seguridade Social, nas situacóns de incapacidade temporal, e establecer os supostos nos que, con carácter excepcional e debidamente xustificados, se vai completar o cen por cen das retribucións, unha vez negociado cos órganos de representación do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos, **esta Xerencia**, en uso das atribucións conferidas pola Resolución Reitoral do 1 de agosto de 2011 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios, **resolve**:

**Prestación económica na situación de incapacidad temporal****1. Persoal funcionario e laboral incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social****a) Se a incapacidade temporal deriva de continxencias comúns:**

- Durante os tres primeiros días aboarase un complemento retributivo do cincuenta por cen das retribucións que se veñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.
- Desde o cuarto e ata o vixésimo, ambos inclusive, aboarase un complemento retributivo do setenta e cinco por cen, tamén das retribucións que se veñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.
- A partir do vixésimo primeiro aboarase o cen por cen, sobre as retribucións como nos casos anteriores.

**b) Se a incapacidade deriva de continxencias profesionais:**

Aboarase un complemento retributivo ata acadar o cen por cen das retribucións que viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade, dende a data de inicio desta situación.

A persoa que se atope nesta situación deberá presentar xustificante que o acredite avalado por parte de baixa dos servizos de asistencia sanitaria.

**2. Persoal funcionario adscrito aos réximes especiais de Seguridade Social do mutualismo administrativo.****a) Incapacidade temporal por continxencias comúns:**

- Durante os tres primeiros días percibirán o cincuenta por cen das retribucións tanto básicas como complementarias, tomando como referencia aquellas que percibían no mes inmediato anterior ao de causarse esa situación.
- Dende o cuarto e ata o vixésimo día, ambos inclusive, percibirán o setenta e cinco por cento das retribucións tanto básicas como complementarias.

- A partir do vixésimo primeiro día e ata o nonaxésimo, ambos inclusive, percibirán a totalidade das retribucións básicas e complementarias.

**b) Incapacidade temporal por continxencias profesionais:**

Completarase desde o primeiro día o cen por cen das retribucións que viñeran peracibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

**c) A partir do día nonaxésimo primeiro, será de aplicación o subsidio establecido en cada réxime especial de acordo coa súa normativa de aplicación.**

**3. Complemento por incapacidade temporal ata o cen por cen das retribucións.**

Aboarase, desde o primeiro día, un complemento económico ata o cen por cen das retribucións nos supostos de incapacidade temporal orixinada por:

**a) Hospitalización**

Terán a consideración de hospitalización, a hospitalización a domicilio e a estancia en hospitais de día incluíndo os períodos de observación nos Servizos de Urgencias Hospitalarias superiores a 5 horas. Este extremo deberá ser acreditado polo profesional mediante o xustificante correspondente.

**b) Intervención cirúrxica**

Terán a consideración de intervencións cirúrxicas, as intervencións de cirurxia maior e menor ambulatoria, as intervencións médicas invasivas como colonoscopias, gastroscopias e outras de características similares.

Se a hospitalización ou a intervención cirúrxica se produce unha vez iniciada a baixa, e ten a súa mesma causa, o xustificante aportarase co parte de confirmación que corresponda no tempo co inicio da devandita hospitalización ou intervención. Neste caso regularizarase o aboamento do complemento para que a persoa perciba o cen por cen das retribucións desde o primeiro día da baixa.

**c) Tratamentos oncológicos**

**d) Incapacidade temporal derivada do embarazo**

Xunto co parte de baixa deberá presentarse un informe médico que acredite que a enfermidade é consecuencia directa do embarazo ou que se deriva do mesmo.

**e) Riscos durante o embarazo e risco durante a lactación natural.**

**f) Violencia de xénero, acoso laboral ou sexual que se acreditarán coa correspondente resolución xudicial ou administrativa.**

**g) Incapacidade temporal dos proxenitores, adoptantes ou acolledores, que se poida producir polo coidado de menores afectados de cancro ou outras enfermidades graves das recollidas no Real Decreto 1148/2011, do 19 de xullo (BOE do día 30).**

**h) Incapacidade temporal relacionada con outras continxencias comúns:**

- Que causen alteracións da movilidade ou doutras funcionalidades do traballador, se lle impiden desenvolver o seu traballo (esguinces, fracturas, luxacións, afonías por infección, etc.).

- De carácter infectocontaxioso: enfermidades que precisen aillamento como é o caso de TBC bacilifera en período contaxioso.

- Continxencias de tipo psicolóxico ou psiquiátrico invalidantes.

- Enfermidades crónicas e/ou degenerativas.

- Rehabilitación de toxicomanías cando a persoa esté incluída en proxectos específicos de deshabituación (Proxecto home, UTA: unidade de tratamiento de alcoholismo).

I) Calquera outra situación excepcional non recollida nos apartados anteriores ou na que se poida presentar algunha dúbida, será avaliada polo Servizo de Vixilancia da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela, quen emitirá o informe oportuno.

Todas as situacions deberán ser acreditadas polo traballador mediante o informe do Servizo Público de Saúde ou, no caso dos rexímenes especiais de Seguridade Social do mutualismo administrativo, polo especialista correspondente.

4. En todos os supostos, se a incapacidade temporal se produce no mes que se inicia a prestación do servizo, as referencias que se fan ás retribucións que se veñen percibindo no mes anterior, enténdense referidas ás que efectivamente lle correspondería percibir no mes que se inicia a dita situación de incapacidade temporal.

5. As referencias a días entenderán sempre realizadas a días naturais.

6. Esta instrucción entrará en vigor ao día seguinte da data de saída do Rexistro Xeral da Universidade.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2012

A xerenta

